

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

7536 *Orde FOM/1298/2013, do 28 de xuño, pola que se modifica o anexo VI do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regulan a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.*

A Directiva 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, relativa á cualificación inicial e á formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte, que establece unha nova formación obrigatoria para determinados condutores profesionais, foi trasposta ao noso ordenamento xurídico español por medio do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

Con motivo da incorporación de Croacia á Unión Europea, prevista para o 1 de xullo de 2013, faise necesario dar cumprimento ao disposto na Directiva 2013/22/UE do Consello, do 13 de maio de 2013, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da política de transportes, con motivo da adhesión da República de Croacia.

Na parte A do anexo desta directiva relativa ao transporte por estrada modifícase o anexo II da Directiva 2003/59/CE sobre o modelo de tarxeta de cualificación de condutor, de tal forma que no anverso desta tarxeta se fai constar a mención «tarxeta de cualificación do condutor» na lingua oficial de Croacia e se menciona expresamente esta como lingua oficial nos casos en que un Estado membro desexe redactar as inscricións do reverso nunha lingua nacional que non sexa unha daquelas.

Faise necesario, por tanto, cumprir o disposto na Directiva 2013/22/UE, modificando para isto o anexo VI do Real decreto 1032/2007.

Na súa virtude, e de conformidade coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo VI do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.*

O anexo VI do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada, queda modificado como segue:

Un. Na letra e) do punto 1, relativa aos datos que deben figurar no anverso, insírese despois do texto que di «cárta cáilíochta tiomána» o texto seguinte:

«kvalifikacijska kartica vozača»

Dous. O parágrafo segundo da letra b), relativa aos datos que deben figurar no reverso, queda redactado do seguinte modo:

«En caso de que un Estado membro desexe redactar as ditas inscricións nunha lingua nacional que non sexa unha das linguas seguintes: búlgaro, castelán, checo, croata, danés, alemán, estonio, grego, inglés, francés, italiano, letón, lituano, húngaro, maltés, neerlandés, polaco, romanés, portugués, eslovaco, esloveno, finés ou sueco, elaborará unha versión bilingüe da tarxeta utilizando unha das linguas mencionadas, sen prexuízo das restantes disposicións deste anexo.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde ministerial incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2013/22/UE do Consello, do 13 de maio de 2013, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da política de transportes, con motivo da adhesión da República de Croacia.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.21.^a da Constitución atribúe ao Estado.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación.*

A presente orde resultará de aplicación o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de xuño de 2013.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.